

CURSO 2023-2024
CONVOCADAS AXUDAS PARA:
PARTICIPAR NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS
ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO
MATERIAL ESCOLAR

CONVOCATORIA: [Orde do 10 de maio de 2023](#) (DOG núm. 94 do 19/05/2023)

SOLICITUDES: No enderezo <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>; na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> ou na [Secretaría do centro](#). (código de procedemento ED330B)

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: **Ata o 21 de xuño (incluído)**. Para a súa **presentación telemática** poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365.A **presentación presencial** realizarase na SECRETARÍA DO CENTRO (de 9 a 14 h.)

AXUDA	BENEFICIARIOS	RENDA PER CAPITA	CONTÍA
FONDO SOLIDARIO LIBROS	3º, 4º DE ED. PRIMARIA En garda ou tutela da Xunta ou DISCAPACIDADE = ou > 65%	=ou <6.000 € >6.000 € = ou < 10.000 >10.000 € ----- -----	6 LIBROS 4 LIBROS Segundo existencias 6 LIBROS
AXUDA LIBROS DE TEXTO	1º E 2º DE ED. PRIMARIA Ed. Especial ou Discapacidade =ou >65% En garda o tutela da Xunta Con NEAE	= ou < 6.000 € >6.000 € = ou <10.000 € ----- ----- = ou <6.000 € >6.000 € = ou <10.000 €	240 € 160 € 300 € 240 € 240 € 160€
AXUDAS MATERIAL ESCOLAR	DE 1º A 6º DE ED. PRIMARIA En garda o tutela da Xunta, Ed. Especial ou Discapacidade =ou >65%	= ou <6.000 € >6.000 € = ou <10.000 € -----	75 € 60 € 75 €

DOCUMENTACIÓN A APORTAR (Fotocopia e orixinal para cotexar):

- **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
- **Copia do Libro de Familia** ou documento equivalente, onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- **Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia (incluído o alumnado cunha discapacidade =>65%) recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta.**
- **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.**



- Resolución xudicial de curatela representativa ou de patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida, no caso que corresponda.
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta: copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais, se o pai, nai e/ou titor/titora carecen de DNI e NIE.

Os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a **31 de decembro de 2021**, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

COMPROBACIÓN AUTOMÁTICA DE DATOS (Salvo que se opoñan. Neste caso achegarán os respectivos documentos):

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou do seu representante, así como do resto de membros computables da unidade familiar.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta.
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a discapacidade = ou > 33%) do solicitante e/ou restantes membros da unidade familiar.
- Para a declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2021 será necesario o consentimento expreso. No caso de non autorizar a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.

PRAZOS:

- LISTAXES PROVISIONAIS **4 DE XULLO**
 (As persoas interesadas poderán reclamar nos 2 días seguintes á publicación do listaxe provisional)
- LISTAXES DEFINITIVAS **10 DE XULLO**
- ENTREGA DE LIBROS
 - **LUNS 10 E MARTES 11 DE XULLO** **3º E.P.**
 - **LUNS 4 DE SETEMBRO** **4º E.P.**
- RECOLLIDA DE VALES
 - **DO LUNS 10 DE XULLO ATA O VENRES 14 DE XULLO**

OBRIGAS:

- DEVOLVER OS LIBROS DE TEXTO E O MATERIAL REUTILIZABLE ADQUIRIDO COAS AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO OU RECIBIDO DO FONDO SOLIDARIO NO CURSO 2022/2023 (Os de 1º E 2º DE EP, de EE, con DISCAPACIDADE = ou >65% ou NEAE só cando se poidan reutilizar)
A FALTA DE DEVOLUCIÓN SERÁ CAUSA DE EXCLUSIÓN NAS NOVAS AXUDAS SOLICITADAS NO CURSO 2023/2024.
- CONSERVAR EN BO ESTADO OS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL REUTILIZABLE RECIBIDOS OU ADQUIRIDOS NO CURSO 2023/2024.
- DESTINAR O IMPORTE DOS VALES Á FINALIDADE PARA A QUE FORON ADXUDICADOS.
- RESPECTAR AS OBRIGAS ESTABLECIDAS NO ART. 11 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

CÁLCULO DA RENDA PER CAPITA: EXERCICIO FISCAL 2021

Sumarase a base imponible xeral (**recadro 435**) e a base imponible do aforro (**recadro 460**) das declaracións de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos **E O TOTAL DIVÍDESE ENTRE O NÚMERO DE MEMBROS COMPUTABLES.**

As persoas sen residencia fiscal en España no ano 2021 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.